Máis vale previr que lamentar

Para estar seguro, confía no teu corredor.

O teu corredor de seguros sempre te informa... Se non estás seguro, búscanos.

Boletín Mensual
Nº 24 / Febreiro 2015

O DNI do seguro de Auto: 10,9 millóns de sinistros ao ano.

Cantas probabilidades tes de sufrir un accidente?

Segundo Unespa, en España rexístranse diariamente 29.680 declaracións de sinistros polos que as aseguradoras pagan 7.914 millóns de euros anuais. Nun 50% dos sinistros están involucradas persoas de 36 a 55 anos e son máis frecuentes nas fins de semana que en días laborables.

Fíxate… **Se o noso parque de vehículos é de 28,9 millóns de vehículos, un de cada tres é susceptible, cada ano!, de ter un sinistro de diferente índole, rotura de cristais, roubo, asistencia, danos propios, RC**…

Canto vale o teu coche?

Na compra dun vehículo inflúen dous factores: o racional e o emocional. A crise fixo que os números adianten aos sentimentos. Pero aínda así, seguimos destinando unha importante cantidade de diñeiro a esta compra.

Se o coche é novo, o prezo medio (despois de descontos e promocións) sitúase en 18.845 euros. Iso sen contar o importe do financiamento. Cando adquirimos un usado, o custo pode chegar ata 11.000 euros.

E o seguro?

Ante todo **é obrigatorio.** Telo que contratar "si ou si" para poder circular e para protexerte dos danos que lles podes ocasionar a outras persoas ou cousas.

A miña pregunta é: **gastas miles de euros nun coche e escatimas no prezo do seguro que che garante a túa compra?** Ti elixes. Pero se tes en conta o consello dun corredor de seguros dígoche que…

- O seguro **a Todo Risco** é aconsellable sempre que teu coche teña **ata 3 ou 5 anos.**
- A partir de aí, mínimo de 3 a 5 anos, recoméndoche unha póliza de **Terceiros ampliada a incendio, roubo, asistencia xurídica e cristais** (só a rotura de cristais supón 1,1 millón de sinistros ao ano). A indemnización máxima por danos propios vaise reducindo co paso do tempo, posto que vai unida ao "valor venal" do teu vehículo (que é o valor en venda do vehículo antes dun sinistro).

Calcula canto pagaches polo coche (sumando o financiamento). Revisamos o prezo do seguro e as bonificacións que obtés por "bo condutor".

Quen máis e quen menos, sufriu un accidente algunha vez na vida. Pídenos asesoramento e verás como che compensa contratar un seguro coas coberturas correctas, nin máis nin menos.

"Ao mal tempo, boa cara." O Consorcio cobre 3.800 sinistros, dende xaneiro, con 34 millóns por inundacións

Só transcorreu un mes e algúns días de febreiro de 2015. Para estas datas, o Consorcio de Compensación de Seguros desprazou os seus peritos ás zonas afectadas por inundacións en

España. Nunha primeira estimación de urxencia, o total de sinistros ascende a 3.800 e o custo previsto suma 34 millóns de euros.

A chuvia, as neves e o forte vento produciron graves consecuencias en gran parte de España, como en Burgos, Cantabria, Bizkaia, Navarra, A Rioxa, Aragón e Galicia.

Para protexer situacións excepcionais coma esta, creouse o **Consorcio de Compensación de Seguro que xestiona e indemniza os bens asegurados,** polo que, para cobrar do Consorcio, é necesario ter contratado un seguro; se non o tes, non hai indemnización.

Un exemplo: **en 2012 tramitou 584.000 expedientes por valor de 2.226 millóns de euros.**

E nestas situacións, somos os corredores de seguros os que tramitamos os sinistros "man a man" co Consorcio de forma inmediata. **"Asesorar, acompañar e defender o cliente antes, durante e despois da compra do seu seguro, permanecendo ao seu lado"** porque defendemos os teus intereses.

Por fortuna, practicamente, todas as eventualidades quedan cubertas pola **"industria aseguradora"**. Pois **canto lle custaría a España non ter seguros? Unhas 14 veces o seu PIB.**

Máis vale previr que lamentar
Boletín Mensual / Nº 24 / Febreiro 2015

¡Precaución!
No inverno, risco de incendio

Aínda que o ceo estaba despexado e brillaba o sol, aquel día a neve xeada escorría polos tellados. A bisavoa acendeu o braseiro eléctrico da mesa e tapouno coas faldras do mantel. Tras 4 horas funcionando, os flocos comezaron a arder. A chama propagouse en cuestión de minutos xerando un fume mesto. Aquela tarde, a "bisa" coidaba o seu neto de 5 anos. O neno abriu a porta da rúa e saíu á escaleira. Casualmente pasou un veciño que aplacou a ira do lume cun extintor.

Sufrir un incendio no fogar é **unha experiencia aterradora difícil de esquecer que cobrou 132 vidas en España durante 2013 e 83 durante os meses máis fríos de 2014, segundo rexistrou a Asociación Profesional de Técnicos de Bombeiros (APTB).** A maioría aconteceron en casas particulares e máis da metade dos falecidos era maior de 65 anos.

O lume é poderoso, pero sucumbe ante a auga, máis branda e insistente. O **"clima mediterráneo"** " do noso país é o bálsamo que sitúa a España cun dos índices de mortes por este sinistro máis baixo do mundo, con 2,8 defuncións por millón de habitantes (en Europa, soamente o superan Holanda e Suíza). As bondades do noso clima fannos menos dependentes da calefacción.

O risco aumenta no inverno

As persoas maiores de 65 anos que viven en vilas con menos de 1000 habitantes son os principais afectados. **Os protagonistas do lume son os aparatos de calor (29%) e a electricidade xunto aos fumadores (20%).** Os incendios adoitan iniciarse no salón ou no dormitorio.

Pero… Aseguramos ben as nosas casas? E as dos nosos pais?

O risco de incendio é unha cobertura básica do seguro de Fogar. Esta póliza protéxete, entre outras cousas, de explosións, fume, feluxe e fenómenos atmosféricos. E debe cubrir os gastos dos bombeiros e o salvamento.

Cómo actuar

Previr significa escoitar o sentido común. É dicir, **utilizar adecuadamente os sistemas de calefacción, non sobrecargar os enchufes, apagar ben os cigarros e desconectar os aparatos eléctricos despois de usalos, sen esquecer nunca as reixas de ventilación.** A túa seguridade é o primeiro.

Anécdota

"Se bebes, non conduzas." NON te cobre o seguro

O 64% dos españois non sabe que o seguro do coche non o protexe se sofre un sinistro cando consumiu alcohol. Se o condutor é estranxeiro, residente no noso país, e comete unha infracción bebido pode que non obteña a nacionalidade española.

Máis preocupante é que **8 de cada 10 enquisados** non saiba que é responsable dos danos que causa un condutor insolvente ao que lle prestamos o coche, se deu positivo nun control de alcoholemia, mesmo se o seguro é a todo risco.

En calquera caso, cada vez somos máis conscientes dos efectos do alcohol ao volante. Un 26% levamos o condutor ebrio á casa e outro 23% quitámoslle as chaves. Son datos da enquisa elaborada por Automobilistas Europeos Asociados (AEA) que deseñaron a campaña **"Non o deixes conducir se bebeu".**

Investigación

"O que pega, sempre paga?"

"Un coche golpeoume por detrás tan forte que eu choquei co que tiña diante. Ambos os dous estabamos parados nun semáforo. Teño que pagar o dano que causei?"

Resposta do teu corredor. Neste caso NON. Se o terceiro coche non te golpease tan forte, non se produciría un desprazamento golpeando o coche dianteiro. Polo tanto, o coche que che pegou farase cargo da súa reparación dianteira, das túas (dianteira e traseira) e dos arranxos do primeiro coche.

Outra cousa é que o primeiro coche reduza a velocidade, ti non te decates e o golpees e o último tamén choque contigo por despiste. Entón cada un paga o seu e a reparación do que ten diante.

Consello. Enche o "parte amigable". En colisións múltiples é mellor chegar a un acordo canto antes, pero se existen dúbidas ou discrepancias chama a policía local para facer un atestado, que en caso de aceptación tamén actuará como "parte amigable".

Depósito Legal M-41589-2012
Edita: E2000 Financial Investments S.A.

CORREDORES DE SEGUROS
Honestidade Compromiso